

Casa Don Benito

Lugar de Barrio, 4. Arnego-Santa María

36599 Vila de Cruces (Pontevedra)

Teléfono: 981 580 266/986 582 682

Web: www.casadonbenito.com

E-mail: cir.turgalicia@xunta.es

INFORMACIÓN XERAL

O complexo dispón de 8 apartamentos independentes de tres, dous e un dormitorio, estando un destes adaptado para persoas de mobilidade reducida.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso á casa está en lixeira costa, o chan está asfaltado, é antiescorregadizo e homoxéneo.
- Os apartamentos contan con estacionamento nos propios terreos lindantes. Non hai ningunha praza reservada para persoas de mobilidade reducida.

Acceso

- O acceso analizado é a entrada principal, onde o pavimento é empedrado e presenta unha inclinación do **6,9%**.

Apartamento Adaptado (Nº 7)

- N.º apartamentos adaptados: **1**. É de planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de acceso ten unha cella de **2 cm** de altura, é parcialmente acristalada, abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **89 cm**.
- A porta ten un manubrio situado a **1 m** de altura e a apertura é con chave. Existe un timbre de chamada a unha altura de **1 m**.
- Tanto no exterior coma no interior existe un espazo de **1,50 m** de diámetro para efectuar un xiro de **360°** coa cadeira de rodas.
- A porta do dormitorio mide **84 cm** e abre cara a dentro, existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro.
- O dormitorio consta dunha cama de matrimonio, ten unha altura de **55 cm** e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de **1 m** de ancho. A distancia entre mobles é de **80 cm** de ancho.
- As portas dos armarios son abatibles **90°** e de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura de **50 cm** e o percheiro está fixo a **1,85 m** de altura.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide **75 cm** de ancho. Ten un ferrollo de difícil manipulación que pode abrirse dende o exterior en caso de emerxencia.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo e frontal de **1 m** de ancho. O asento está a unha altura de **40 cm** e o mecanismo de descarga é de presión e está a **74 cm**.

- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a unha altura de **55 y 72 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **78 cm** de alto e **45 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,20 m** e o resto dos accesorios do baño están a **1 m**.

Ducha

- O chan da ducha é continuo co resto do pavimento do baño e é antiescorregadizo. Dispón dun espazo frontal de achegamento de **1,10 m**.
- As dimensións da ducha son de **1,70 m** de ancho por **86 cm** de fondo. Dispón dunha cortina para evitar a fuga de auga.
- A ducha está equipada cun asento abatible e fixo na parede frontal, perpendicular ás billas, a unha altura de **43 cm** e cunhas dimensións de **44 cm** de ancho e fondo.
- Ten unha barra de apoio situada diagonalmente na parede contraria ás billas e colocada a unha altura de entre **60 cm y 1,20 m**.
- A billa é monomando e está situada en parede lateral accesible, a unha altura de **70 cm**. A alcachofa é regulable en altura dende os **1,30 a 1,60 m** de altura.

Cociña /Salón-comedor

- A cociña están integrada no salón do apartamento.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedoiro están a 88 cm de altura, pero todos eles carecen dun espazo libre que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas.
- Os mandos da cociña requiren o xiro do pulso.
- Os andeis están a unha altura entre **50 y 90 cm**.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura entre **80 cm y 1,60 m**.
- A mesa do comedor é de **4** patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- O acceso analizado é a entrada principal, onde o pavimento é empedrado e presenta unha inclinación do **6,9%**.

Apartamento estándar

- A porta dos apartamentos é acristalada parcialmente e ten unha cella de **2 cm** de altura, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadizo de cor contrastada.
- O número dos apartamentos indícase con números grandes e contraste cromático.
- O mobiliario está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Non existen elementos en beiril que impliquen risco.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- A TV ten decodificador de teletexto.

- Hai un enchufe ao lado da cama.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre" nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén no seu interior.

Sinalización

- Non dispoñen de rótulos que sinalan a situación das diferentes estanzas e servizos.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aseo común			Non existe aseo común adaptado xa que cada cuarto dispón do seu propio aseo
Salón social	Planta baixa	Accesible	No interior existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° . Os itinerarios ás diferentes estanzas da planta baixa non presentan desniveis e deixan un oco de paso mínimo de 80 cm .